



ANO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

ACTA DO 30 DE ABRIL DE 2014
ASOCIACIÓN CULTURAL O
FERVEDOIRO



A

Asociación Cultural O Fervedoiro, previa convocatoria da sección ACUDE ALÍ: sección Cultural na Defensa d'A Llingua, e estando reunidos na Rúa da Presiña da vila do Baño (CUNTIS) os seguintes membros: Vanessa Gómez, Lucía Fuentes, Cesar Caramés, Xohán Baños, Paulo Escariz, Diego Margariños, Xabier Magariños e Héitor Picallo; en calidade de xurado do II Certame Poético Carme de Xinzal, emite o seguinte FALLO:

- 3) Pola defensa directa da liberdade de expresión e a liberdade de ensino, así como pola clara crítica ao elemento censor; cumprindo todas as bases, resulta galardoado co 3º Premio do II Certame Poético Carme de Xinzal o autor da composición **Censura**, asinada polo **Rapaz do Quinteiro**; que aberta a súa plica resultou ser o pseudónimo de **Abraham Argibay González**, alumno de 2º da ESO.
- 2) Pola forza transmitida e o xogo de imaxes, polos recursos estilísticos (paralelismos, metáforas,...) e incluso polo ritmo que xeran os seus versos; cumprindo todas as bases resulta galardoada co 2º Premio do II Certame Poético Carme de Xinzal a autora do poema **Ninguén**, asinado por **Vento que sopra do norte**; que aberta a súa plica resultou ser o pseudónimo de **Laura Lobato**, alumna de 3º da ESO.
- 1) Polas metáforas, pola gran forza visual que transmite, polo xogo que se xera ao comparar a liberdade de expresión cun merlo que pode ser apresado nunha gaiola, e incluso polo suspense e intriga coa que nos deixa de non facemos uso –nós, os seres humanos– dos dereitos que nos son propios; e cumprindo todas as bases resulta galardoada co 1º Premio do II Certame Poético Carme de Xinzal a autora da composición **Branco**, asinada por **Eire**; que aberta a súa plica resultou ser o pseudónimo de **Regina Touceda Rey**, alumna de 3º da ESO.

E sendo as 22:30 horas do día 30 de abril de 2014, levántase a sesión – Vila do Baño (CUNTIS)



Nace Xohán Xesús González no lugar de Sebil (freguesía cuntesa de Cequeril) o 9 de novembro de 1895. Seá fusilado en 1936 por defender a liberdade de expresión, os dereitos da muller, os dereitos humanos e o goberno republicano lexitimamente constituído. É autor dunha extensa produción literaria: o poemario *Agarimos. Versos da y-alma* (1921); da peza teatral *Carmiño* (1922); das noveliñas tituladas *Ana María* (1925), *A filla da patrona* (1926) e *A patrona está que orde* (1930); da novela *A modelo de Paco Asorey* (1933); e de numerosos ensaios,... Funda o semanario *El País Gallego* (1927), o xornal *Trabajo* (1931) e o xornal bimensual *Amañecer* (1933). Entre outros pseudónimos empregará o de CARMÉ DE XINZAL.